

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**19389** *Real decreto 1591/2010, do 26 de novembro, polo que se aproba a Clasificación Nacional de Ocupacións 2011.*

A vixente Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO-94) remóntase ao ano 1994. Durante o transcurso deste tempo a evolución da economía supuxo a aparición de novas ocupacións, entre as cales cómpre destacar as asociadas aos sectores das tecnoloxías da información e as comunicacións e do ambiente. Estas mudanzas fan necesaria unha reformulación da estrutura da CNO-94 máis acorde coa realidade existente actualmente e reorientada cara ao futuro.

Esta necesidade non soamente existe a nivel nacional, senón que tamén se produciu a nivel internacional, polo que a Oficina Internacional do Traballo (OIT) procedeu á revisión da Clasificación Internacional Uniforme de Ocupacións en 2008 (CIUO-08) co obxecto de actualizar a anterior clasificación, que databa de 1988 (CIUO-88). Coa aparición da CIUO-08 créase unha nova base para informar, comparar e intercambiar datos estatísticos sobre ocupacións no ámbito internacional. Igual que a CNO-94 era a adaptación nacional da CIUO-88, a CNO-11 será a adaptación nacional da CIUO-08. Ademais, no seo da Unión Europea a variable «ocupación» cobrou importancia, desde o punto de vista estatístico, ao se considerar como nuclear nos sistemas de estatística sociodemográficos, o que obriga a manter sempre actualizada esa variable.

Cómpre aclarar que unha clasificación é unha relación de categorías ordenada segundo determinados criterios, que obriga ás veces a tomar decisións por convenio co fin de facer operativo o uso da clasificación, tanto a nivel internacional como na súa adaptación nacional. Por isto esta clasificación, desde o punto de vista conceptual, non implica o recoñecemento nin a regulación de calquera ocupación, xa que esa é competencia da autoridade nacional correspondente.

Co obxecto de obter unha clasificación para fins estatísticos que garanta tanto un tratamento uniforme dos datos estatísticos relacionados coa ocupación a nivel nacional como a súa comparabilidade internacional, o Instituto Nacional de Estatística, de acordo coas facultades que lle confire o artigo 26 da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, e téndoo sometido ao ditame preceptivo do Consello Superior de Estatística, elaborou a Clasificación Nacional de Ocupacións 2011 (CNO-11).

Este real decreto conta co ditame preceptivo do Consello Superior de Estatística.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de novembro de 2010,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a aprobación da Clasificación Nacional de Ocupacións 2011, denominada no sucesivo CNO-11, que se insire como anexo único.

##### Artigo 2. *Definición e ámbito de aplicación da CNO-11.*

1. A CNO-11 é un sistema de codificación que ten por obxecto o tratamento da información sobre ocupacións de maneira uniforme para efectos estatísticos.

2. A CNO-11 será de uso obrigatorio no ámbito de aplicación da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, para todas aquelas operacións estatísticas recollidas no Plan Estatístico Nacional.

3. A inclusión dunha ocupación nunha determinada categoría da clasificación non implica recoñecemento ningún en termos de nivel de competencias desa ocupación no ámbito nacional, nin recoñece similitudes entre ocupacións clasificadas nunha mesma categoría.

Artigo 3. *Data de aplicación da Clasificación Nacional de Ocupacións que agora se aproba (CNO-11).*

A CNO-11 aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2011, salvo que haxa algunha normativa comunitaria que estipule outra data nalgún ámbito estatístico.

Disposición adicional única. *Actividades que deberá desenvolver o Instituto Nacional de Estadística para facilitar o uso da CNO-11.*

O Instituto Nacional de Estadística, en función das súas competencias, garantirá a debida difusión, así como o mantemento e actualización da CNO-11 mediante a elaboración e publicación de cantas notas explicativas e normas interpretativas sexan necesarias para un correcto uso desta clasificación de ocupacións no ámbito estatístico. Cando así se requira, revisaranse e publicaranse os cadros de equivalencias entre a CNO-94 e a CNO-11, así como entre a CNO-11 e a CIUO-08. Tamén elaborará unha listaxe de ocupacións que se fará pública pola internet e que se irá actualizando coas propias consultas e pola evolución do mercado laboral.

Disposición transitoria única. *Vixencia da CNO-94.*

Desde a entrada en vigor deste real decreto até o 1 de xaneiro de 2011 continuará sendo de xeral aplicación a Clasificación Nacional de Ocupacións 1994 (CNO-94).

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 917/1994, do 6 de maio, polo que se aproba a Clasificación Nacional de Ocupacións 1994 (CNO-94).

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.31.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a estatística para fins estatais.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

A persoa titular do Ministerio de Economía e Facenda ditará as disposicións necesarias para a execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de novembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno  
e ministra de Economía e Facenda,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ

## ANEXO

1	Directores e xerentes
A	Directores e xerentes
11	Membros do poder executivo e dos corpos legislativos; directivos da Administración pública e organizacións de interese social; directores executivos
111	Membros do poder executivo e dos corpos legislativos; directivos da Administración pública e organizacións de interese social
1111	Membros do poder executivo (nacional, autonómico e local) e do poder legislativo
1112	Persoal directivo da Administración pública
1113	Directores de organizacións de interese social
112	Directores xerais e presidentes executivos
1120	Directores xerais e presidentes executivos
12	Directores de departamentos administrativos e comerciais
121	Directores de departamentos administrativos
1211	Directores financeiros
1212	Directores de recursos humanos
1219	Directores de políticas e planificación e doutros departamentos administrativos non clasificados baixo outras epígrafes
122	Directores comerciais, de publicidade e relacións públicas e de investigación e desenvolvemento
1221	Directores comerciais e de vendas
1222	Directores de publicidade e relacións públicas
1223	Directores de investigación e desenvolvemento
13	Directores de produción e operacións
131	Directores de produción de explotacións agropecuarias, forestais e pesqueiras, e de industrias manufactureiras, de minaría, construción e distribución
1311	Directores de produción de explotacións agropecuarias e forestais
1312	Directores de produción de explotacións pesqueiras e acuícolas
1313	Directores de industrias manufactureiras
1314	Directores de explotacións mineiras
1315	Directores de empresas de fornecemento, transporte, distribución e afíns
1316	Directores de empresas de construción
132	Directores de servizos de tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) e de empresas de servizos profesionais
1321	Directores de servizos de tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC)
1322	Directores de servizos sociais para crianzas
1323	Directores-xerentes de centros sanitarios
1324	Directores de servizos sociais para persoas de idade
1325	Directores doutros servizos sociais
1326	Directores de servizos de educación
1327	Directores de sucursais de bancos, de servizos financeiros e de seguros
1329	Directores doutras empresas de servizos profesionais non clasificados baixo outras epígrafes

14	Directores e xerentes de empresas de aloxamento, restauración e comercio
141	Directores e xerentes de empresas de aloxamento
1411	Directores e xerentes de hoteis
1419	Directores e xerentes doutras empresas de servizos de aloxamento
142	Directores e xerentes de empresas de restauración
1421	Directores e xerentes de restaurantes
1422	Directores e xerentes de bares, cafetarías e similares
1429	Directores e xerentes de empresas de catering e outras empresas de restauración
143	Directores e xerentes de empresas de comercio por xunto e polo miúdo
1431	Directores e xerentes de empresas de comercio por xunto
1432	Directores e xerentes de empresas de comercio polo miúdo
15	Directores e xerentes doutras empresas de servizos non clasificados baixo outras epígrafes
150	Directores e xerentes doutras empresas de servizos non clasificados baixo outras epígrafes
1501	Directores e xerentes de empresas de actividades recreativas, culturais e deportivas
1509	Directores e xerentes de empresas de xestión de residuos e doutras empresas de servizos non clasificados baixo outras epígrafes
2	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais
B	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais da saúde e do ensino
21	Profesionais da saúde
211	Médicos
2111	Médicos de familia
2112	Outros médicos especialistas
212	Profesionais de enfermaría e partaría
2121	Enfermeiros non especializados
2122	Enfermeiros especializados (salvo matronos)
2123	Matronos
213	Veterinarios
2130	Veterinarios
214	Farmacéuticos
2140	Farmacéuticos
215	Outros profesionais da saúde
2151	Odontólogos e estomatólogos
2152	Fisioterapeutas
2153	Dietistas e nutricionistas
2154	Logopedas
2155	Ópticos-optometristas
2156	Terapeutas ocupacionais
2157	Podólogos
2158	Profesionais da saúde e a hixiene laboral e ambiental
2159	Profesionais da saúde non clasificados baixo outras epígrafes

22	Profesionais do ensino infantil, primario, secundario e postsecundario
221	Profesores de universidades e outro ensino superior (salvo formación profesional)
2210	Profesores de universidades e outro ensino superior (salvo formación profesional)
222	Profesores de formación profesional (materias específicas)
2220	Profesores de formación profesional (materias específicas)
223	Profesores de ensino secundario (salvo materias específicas de formación profesional)
2230	Profesores de ensino secundario (salvo materias específicas de formación profesional)
224	Profesores de ensino primario
2240	Profesores de ensino primario
225	Mestres e educadores de ensino infantil
2251	Mestres de educación infantil
2252	Técnicos en educación infantil
23	Outros profesionais do ensino
231	Profesores e técnicos de educación especial
2311	Profesores de educación especial
2312	Técnicos educadores de educación especial
232	Outros profesores e profesionais do ensino
2321	Especialistas en métodos didácticos e pedagóxicos
2322	Profesores de ensino non regrado de idiomas
2323	Profesores de ensino non regrado de música e danza
2324	Profesores de ensino non regrado de artes
2325	Instrutores en tecnoloxías da información en ensino non regrado
2326	Profesionais da educación ambiental
2329	Profesores e profesionais do ensino non clasificados baixo outras epígrafes
C	Outros técnicos e profesionais científicos e intelectuais
24	Profesionais das ciencias físicas, químicas, matemáticas e das enxeñarías
241	Físicos, químicos, matemáticos e afíns
2411	Físicos e astrónomos
2412	Meteorólogos
2413	Químicos
2414	Xeólogos e xeofísicos
2415	Matemáticos e actuarios
2416	Estatísticos
242	Profesionais en ciencias naturais
2421	Biólogos, botánicos, zoólogos e afíns
2422	Enxeñeiros agrónomos
2423	Enxeñeiros de montes
2424	Enxeñeiros técnicos agrícolas
2425	Enxeñeiros técnicos forestais e do medio natural
2426	Profesionais da protección ambiental
2427	Enólogos

243	Enxeñeiros (salvo enxeñeiros agrónomos, de montes, eléctricos, electrónicos e TIC)
2431	Enxeñeiros industriais e de produción
2432	Enxeñeiros en construción e obra civil
2433	Enxeñeiros mecánicos
2434	Enxeñeiros aeronáuticos
2435	Enxeñeiros químicos
2436	Enxeñeiros de minas, metalúrxicos e afíns
2437	Enxeñeiros ambientais
2439	Enxeñeiros non clasificados baixo outras epígrafes
244	Enxeñeiros eléctricos, electrónicos e de telecomunicacións
2441	Enxeñeiros en electricidade
2442	Enxeñeiros electrónicos
2443	Enxeñeiros en telecomunicacións
245	Arquitectos, urbanistas e enxeñeiros xeógrafos
2451	Arquitectos (salvo arquitectos paisaxistas e urbanistas)
2452	Arquitectos paisaxistas
2453	Urbanistas e enxeñeiros de tránsito
2454	Enxeñeiros xeógrafos e cartógrafos
246	Enxeñeiros técnicos (salvo agrícolas, forestais, eléctricos, electrónicos e TIC)
2461	Enxeñeiros técnicos industriais e de produción
2462	Enxeñeiros técnicos de obras públicas
2463	Enxeñeiros técnicos mecánicos
2464	Enxeñeiros técnicos aeronáuticos
2465	Enxeñeiros técnicos químicos
2466	Enxeñeiros técnicos de minas, metalúrxicos e afíns
2469	Enxeñeiros técnicos non clasificados baixo outras epígrafes
247	Enxeñeiros técnicos en electricidade, electrónica e telecomunicacións
2471	Enxeñeiros técnicos en electricidade
2472	Enxeñeiros técnicos en electrónica
2473	Enxeñeiros técnicos en telecomunicacións
248	Arquitectos técnicos, topógrafos e deseñadores
2481	Arquitectos técnicos e técnicos urbanistas
2482	Deseñadores de produtos e de roupa
2483	Enxeñeiros técnicos en topografía
2484	Deseñadores gráficos e multimedia
25	Profesionais en dereito
251	Xuíces, maxistrados, avogados e fiscais
2511	Avogados
2512	Fiscais
2513	Xuíces e maxistrados
259	Outros profesionais do dereito
2591	Notarios e rexistradores
2592	Procuradores
2599	Profesionais do dereito non clasificados baixo outras epígrafes

26	Especialistas en organización da Administración pública e das empresas e na comercialización
261	Especialistas en finanzas
2611	Especialistas en contabilidade
2612	Asesores financeiros e en investimentos
2613	Analistas financeiros
262	Especialistas en organización e administración
2621	Analistas de xestión e organización
2622	Especialistas en administración de política de empresas
2623	Especialistas da Administración pública
2624	Especialistas en políticas e servizos de persoal e afíns
2625	Especialistas en formación de persoal
263	Técnicos de empresas e actividades turísticas
2630	Técnicos de empresas e actividades turísticas
264	Profesionais de vendas técnicas e médicas (salvo as TIC)
2640	Profesionais de vendas técnicas e médicas (salvo as TIC)
265	Outros profesionais das vendas, a comercialización, a publicidade e as relacións públicas
2651	Profesionais da publicidade e a comercialización
2652	Profesionais de relacións públicas
2653	Profesionais da venda de tecnoloxías da información e as comunicacións
27	Profesionais das tecnoloxías da información
271	Analistas e deseñadores de software e multimedia
2711	Analistas de sistemas
2712	Analistas e deseñadores de software
2713	Analistas, programadores e deseñadores web e multimedia
2719	Analistas e deseñadores de software e multimedia non clasificados baixo outras epígrafes
272	Especialistas en bases de datos e en redes informáticas
2721	Deseñadores e administradores de bases de datos
2722	Administradores de sistemas e redes
2723	Analistas de redes informáticas
2729	Especialistas en bases de datos e en redes informáticas non clasificados baixo outras epígrafes
28	Profesionais en ciencias sociais
281	Economistas
2810	Economistas
282	Sociólogos, historiadores, psicólogos e outros profesionais en ciencias sociais
2821	Sociólogos, xeógrafos, antropólogos, arqueólogos e afíns
2822	Filósofos, historiadores e profesionais en ciencias políticas
2823	Psicólogos
2824	Profesionais do traballo e a educación social
2825	Axentes de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

283	Sacerdotes das distintas relixións
2830	Sacerdotes das distintas relixións
29	Profesionais da cultura e o espectáculo
291	Arquivistas, bibliotecarios, conservadores e afíns
2911	Arquivistas e conservadores de museos
2912	Bibliotecarios, documentalistas e afíns
292	Escritores, xornalistas e lingüistas
2921	Escritores
2922	Xornalistas
2923	Filólogos, intérpretes e tradutores
293	Artistas creativos e interpretativos
2931	Artistas de artes plásticas e visuais
2932	Compositores, músicos e cantantes
2933	Coreógrafos e bailaríns
2934	Directores de cine, de teatro e afíns
2935	Actores
2936	Locutores de radio, televisión e outros presentadores
2937	Profesionais de espectáculos taurinos
2939	Artistas creativos e interpretativos non clasificados baixo outras epígrafes
3	Técnicos; profesionais de apoio
D	Técnicos; profesionais de apoio
31	Técnicos das ciencias e das enxeñarías
311	Delineantes e debuxantes técnicos
3110	Delineantes e debuxantes técnicos
312	Técnicos das ciencias físicas, químicas, ambientais e das enxeñarías
3121	Técnicos en ciencias físicas e químicas
3122	Técnicos en construción
3123	Técnicos en electricidade
3124	Técnicos en electrónica (salvo electromedicina)
3125	Técnicos en electrónica, especialidade en electromedicina
3126	Técnicos en mecánica
3127	Técnicos e analistas de laboratorio en química industrial
3128	Técnicos en metalurxia e minas
3129	Outros técnicos das ciencias físicas, químicas, ambientais e das enxeñarías
313	Técnicos en control de procesos
3131	Técnicos en instalacións de produción de enerxía
3132	Técnicos en instalacións de tratamento de residuos, de augas e outros operadores en instalacións similares
3133	Técnicos en control de instalacións de procesamento de produtos químicos
3134	Técnicos de refinarías de petróleo e gas natural
3135	Técnicos en control de procesos de produción de metais
3139	Técnicos en control de procesos non clasificados baixo outras epígrafes
314	Técnicos das ciencias naturais e profesionais auxiliares afíns
3141	Técnicos en ciencias biolóxicas (salvo en áreas sanitarias)
3142	Técnicos agropecuarios



3143	Técnicos forestais e do medio natural
315	Profesionais en navegación marítima e aeronáutica
3151	Xefes e oficiais de máquinas
3152	Capitáns e oficiais de ponte
3153	Pilotos de aviación e profesionais afíns
3154	Controladores de tránsito aéreo
3155	Técnicos en seguranza aeronáutica
316	Técnicos de control de calidade das ciencias físicas, químicas e das enxeñarías
3160	Técnicos de control de calidade das ciencias físicas, químicas e das enxeñarías
32	Supervisores en enxeñaría de minas, de industrias manufactureiras e da construción
320	Supervisores en enxeñaría de minas, de industrias manufactureiras e da construción
3201	Supervisores en enxeñaría de minas
3202	Supervisores da construción
3203	Supervisores de industrias alimentarias e do tabaco
3204	Supervisores das industrias química e farmacéutica
3205	Supervisores de industrias de transformación de plásticos, caucho e resinas naturais
3206	Supervisores de industrias da madeira e pasteiro-papeleiras
3207	Supervisores da produción en industrias de artes gráficas e na fabricación de produtos de papel
3209	Supervisores doutras industrias manufactureiras
33	Técnicos sanitarios e profesionais das terapias alternativas
331	Técnicos sanitarios de laboratorio, probas diagnósticas e próteses
3311	Técnicos en radioterapia
3312	Técnicos en imaxe para o diagnóstico
3313	Técnicos en anatomía patolóxica e citoloxía
3314	Técnicos en laboratorio de diagnóstico clínico
3315	Técnicos en ortopróteses
3316	Técnicos en próteses dentais
3317	Técnicos en audiopróteses
332	Outros técnicos sanitarios
3321	Técnicos superiores en hixiene bucodental
3322	Técnicos superiores en documentación sanitaria
3323	Técnicos superiores en dietética
3324	Técnicos en optometría
3325	Axudantes fisioterapeutas
3326	Técnicos en prevención de riscos laborais e saúde ambiental
3327	Axudantes de veterinaria
3329	Técnicos da sanidade non clasificados baixo outras epígrafes
333	Profesionais das terapias alternativas
3331	Profesionais da acupuntura, a naturopatía, a homeopatía, a medicina tradicional chinesa e aiurvédica
3339	Outros profesionais das terapias alternativas
34	Profesionais de apoio en finanzas e matemáticas
340	Profesionais de apoio en finanzas e matemáticas
3401	Profesionais de apoio e intermediarios de troco, bolsa e finanzas
3402	Comerciais de préstamos e créditos

3403	Conservadores de libros
3404	Profesionais de apoio en servizos estatísticos, matemáticos e afíns
3405	Taxadores
35	Representantes, axentes comerciais e afíns
351	Axentes e representantes comerciais
3510	Axentes e representantes comerciais
352	Outros axentes comerciais
3521	Mediadores e axentes de seguros
3522	Axentes de compras
3523	Consignatarios
353	Axentes inmobiliarios e outros axentes
3531	Representantes de alfándegas
3532	Organizadores de conferencias e eventos
3533	Axentes ou intermediarios na contratación da man de obra (salvo representantes de espectáculos)
3534	Axentes e administradores da propiedade inmobiliaria
3535	Portavoces e axentes de relacións públicas
3539	Representantes artísticos e deportivos e outros axentes de servizos comerciais non clasificados baixo outras epígrafes
36	Profesionais de apoio á xestión administrativa; técnicos das forzas e corpos de seguranza
361	Asistentes administrativos e especializados
3611	Supervisores de secretaría
3612	Asistentes xurídico-legais
3613	Asistentes de dirección e administrativos
3614	Secretarios de centros médicos ou clínicas
362	Axentes de alfándegas, tributos e afíns que traballan en tarefas propias da Administración pública
3621	Profesionais de apoio da Administración pública de tributos
3622	Profesionais de apoio da Administración pública de servizos sociais
3623	Profesionais de apoio da Administración pública de servizos de expedición de licenzas
3629	Outros profesionais de apoio da Administración pública para tarefas de inspección e control e tarefas similares
363	Técnicos das forzas e corpos de seguranza
3631	Técnicos da policía nacional, autonómica e local
3632	Suboficiais da Garda Civil
37	Profesionais de apoio de servizos xurídicos, sociais, culturais, deportivos e afíns
371	Profesionais de apoio de servizos xurídicos e sociais
3711	Profesionais de apoio de servizos xurídicos e servizos similares
3712	Detectives privados
3713	Profesionais de apoio ao traballo e á educación social
3714	Promotores de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
3715	Animadores comunitarios
3716	Auxiliares laicos das relixións
372	Deportistas, adestradores, instrutores de actividades deportivas; monitores de actividades recreativas
3721	Atletas e deportistas

3722	Adestradores e árbitros de actividades deportivas
3723	Instrutores de actividades deportivas
3724	Monitores de actividades recreativas e de lecer
373	Técnicos e profesionais de apoio de actividades culturais, artísticas e culinarias
3731	Fotógrafos
3732	Deseñadores e decoradores de interior
3733	Técnicos en galerías de arte, museos e bibliotecas
3734	Xefes de cociña
3739	Outros técnicos e profesionais de apoio de actividades culturais e artísticas
38	Técnicos das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC)
381	Técnicos en operacións de tecnoloxías da información e asistencia ao usuario
3811	Técnicos en operacións de sistemas informáticos
3812	Técnicos en asistencia ao usuario de tecnoloxías da información
3813	Técnicos en redes
3814	Técnicos da web
382	Programadores informáticos
3820	Programadores informáticos
383	Técnicos en gravación audiovisual, radiodifusión e telecomunicacións
3831	Técnicos de gravación audiovisual
3832	Técnicos de radiodifusión
3833	Técnicos de enxeñaría das telecomunicacións
4	Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina
E	Empregados de oficina que non atenden o público
41	Empregados en servizos contables, financeiros e de servizos de apoio á produción e ao transporte
411	Empregados contables e financeiros
4111	Empregados de contabilidade
4112	Empregados de control de persoal e nóminas
4113	Empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios
412	Empregados de rexistro de materiais, de servizos de apoio á produción e ao transporte
4121	Empregados de control de fornecementos e inventario
4122	Empregados de oficina de servizos de apoio á produción
4123	Empregados de loxística e transporte de pasaxeiros e mercadorías
42	Empregados de bibliotecas, servizos de correos e afíns
421	Empregados de bibliotecas e arquivos
4210	Empregados de bibliotecas e arquivos
422	Empregados de servizos de correos, codificadores, correctores e servizos de persoal
4221	Empregados de servizos de correos (salvo empregados de mostrador)
4222	Codificadores e correctores de imprenta
4223	Empregados de servizo de persoal
43	Outros empregados administrativos sen tarefas de atención ao público
430	Outros empregados administrativos sen tarefas de atención ao público
4301	Gravadores de datos

4309	Empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes
F	Empregados de oficina que atenden o público
44	Empregados de axencias de viaxes, recepcionistas e telefonistas; empregados de portelo e afíns (salvo vendedores de billetes)
441	Empregados de información e recepcionistas (salvo de hoteis)
4411	Empregados de información ao usuario
4412	Recepcionistas (salvo de hoteis)
442	Empregados de axencias de viaxes, recepcionistas de hoteis e telefonistas
4421	Empregados de axencias de viaxes
4422	Recepcionistas de hoteis
4423	Telefonistas
4424	Teleoperadores
443	Axentes de enquisas
4430	Axentes de enquisas
444	Empregados de portelo e afíns (salvo vendedores de billetes)
4441	Caixeiros de bancos e afíns
4442	Empregados de venda de apostas
4443	Empregados de sala de xogos e afíns
4444	Empregados de casas de peñor e de préstamos
4445	Cobradores de facturas, débedas e empregados afíns
4446	Empregados de mostrador de correos
45	Empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes
450	Empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes
4500	Empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes
5	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores
G	Traballadores dos servizos de restauración e comercio
50	Camareiros e cocifeiros propietarios
500	Camareiros e cocifeiros propietarios
5000	Camareiros e cocifeiros propietarios
51	Traballadores asalariados dos servizos de restauración
511	Cocifeiros asalariados
5110	Cocifeiros asalariados
512	Camareiros asalariados
5120	Camareiros asalariados
52	Dependentes en tendas e almacéns
521	Xefes de sección de tendas e almacéns
5210	Xefes de sección de tendas e almacéns
522	Vendedores en tendas e almacéns

5220	Vendedores en tendas e almacéns
53	Comerciantes propietarios de tendas
530	Comerciantes propietarios de tendas
5300	Comerciantes propietarios de tendas
54	Vendedores (salvo en tendas e almacéns)
541	Vendedores en quioscos ou en feiras
5411	Vendedores en quioscos
5412	Vendedores en mercados ocasionais e feiras
542	Operadores de telemercadotecnia
5420	Operadores de telemercadotecnia
543	Expendedores de gasoleneiras
5430	Expendedores de gasoleneiras
549	Outros vendedores
5491	Vendedores a domicilio
5492	Promotores de venda
5493	Modelos de moda, arte e publicidade
5499	Vendedores non clasificados baixo outras epígrafes
55	Caixeiros e vendedores de billetes (salvo bancos)
550	Caixeiros e vendedores de billetes (salvo bancos)
5500	Caixeiros e vendedores de billetes (salvo bancos)
H	Traballadores dos servizos de saúde e o coidado de persoas
56	Traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde
561	Auxiliares de enfermaría
5611	Auxiliares de enfermaría hospitalaria
5612	Auxiliares de enfermaría de atención primaria
562	Técnicos auxiliares de farmacia e emerxencias sanitarias e outros traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde
5621	Técnicos auxiliares de farmacia
5622	Técnicos de emerxencias sanitarias
5629	Traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde non clasificados baixo outras epígrafes
57	Outros traballadores dos coidados ás persoas
571	Traballadores dos coidados persoais a domicilio (salvo coidadores de crianzas)
5710	Traballadores dos coidados persoais a domicilio
572	Coidadores de crianzas
5721	Coidadores de crianzas en gardarías e centros educativos
5722	Coidadores de crianzas en domicilios
58	Traballadores dos servizos persoais
581	Peiteadores e especialistas en tratamentos de estética, benestar e afíns
5811	Peiteadores

5812	Especialistas en tratamentos de estética, benestar e afíns
582	Traballadores que atenden viaxeiros, guías turísticos e afíns
5821	Auxiliares de voo e camareiros de avión, barco e tren
5822	Revisores e cobradores de transporte terrestre
5823	Acompañantes turísticos
5824	Azafatos de terra
5825	Guías de turismo
583	Supervisores de mantemento e limpeza de edificios, conserxes e mordomos domésticos
5831	Supervisores de mantemento e limpeza en oficinas, hoteis e outros establecementos
5832	Mordomos do servizo doméstico
5833	Conserxes de edificios
584	Traballadores propietarios de pequenos aloxamentos
5840	Traballadores propietarios de pequenos aloxamentos
589	Outros traballadores de servizos persoais
5891	Asistentes persoais ou persoas de compañía
5892	Empregados de funerarias e embalsamadores
5893	Coidadores de animais e adestradores
5894	Instrutores de autoescola
5895	Astrólogos, adiviños e afíns
5899	Traballadores de servizos persoais non clasificados baixo outras epígrafes
I	Traballadores dos servizos de protección e seguranza
59	Traballadores dos servizos de protección e seguranza
591	Gardas civís
5910	Gardas civís
592	Policías
5921	Policías nacionais
5922	Policías autonómicos
5923	Policías locais
593	Bombeiros
5931	Bombeiros (salvo forestais)
5932	Bombeiros forestais
594	Persoal de seguranza privado
5941	Vixilantes de seguranza e similares habilitados para iren armados
5942	Auxiliares de vixilante de seguranza e similares non habilitados para iren armados
599	Outros traballadores dos servizos de protección e seguranza
5991	Vixilantes de prisións
5992	Bañistas-socorristas
5993	Axentes forestais e ambientais
5999	Traballadores dos servizos de protección e seguranza non clasificados baixo outras epígrafes
6	Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro
J	Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro
61	Traballadores cualificados en actividades agrícolas

611	Traballadores cualificados en actividades agrícolas (salvo en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns)
6110	Traballadores cualificados en actividades agrícolas (salvo en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns)
612	Traballadores cualificados en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns
6120	Traballadores cualificados en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns
62	Traballadores cualificados en actividades gandeiras (incluídas avícolas, apícolas e similares)
620	Traballadores cualificados en actividades gandeiras (incluídas avícolas, apícolas e similares)
6201	Traballadores cualificados en actividades gandeiras de vacún
6202	Traballadores cualificados en actividades gandeiras de ovino e cabrún
6203	Traballadores cualificados en actividades gandeiras de porcino
6204	Traballadores cualificados en apicultura e sericultura
6205	Traballadores cualificados na avicultura e a cunicultura
6209	Traballadores cualificados en actividades gandeiras non clasificados baixo outras epígrafes
63	Traballadores cualificados en actividades agropecuarias mixtas
630	Traballadores cualificados en actividades agropecuarias mixtas
6300	Traballadores cualificados en actividades agropecuarias mixtas
64	Traballadores cualificados en actividades forestais, pesqueiras e cinexéticas
641	Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural
6410	Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural
642	Traballadores cualificados en actividades pesqueiras e acuicultura
6421	Traballadores cualificados na acuicultura
6422	Pescadores de augas costeiras e augas doces.
6423	Pescadores de altura
643	Traballadores cualificados en actividades cinexéticas
6430	Traballadores cualificados en actividades cinexéticas
7	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (salvo operadores de instalacións e maquinaria)
K	Traballadores cualificados da construción, salvo operadores de máquinas
71	Traballadores en obras estruturais de construción e afíns
711	Traballadores en formigón, encofradores, ferrallistas e afíns
7111	Encofradores e operarios de colocación en obra de formigón
7112	Montadores de prefabricados estruturais (só formigón)
712	Albaneis, canteiros, tronzadores, labrantes e gravadores de pedras
7121	Albaneis
7122	Canteiros, tronzadores, labrantes e gravadores de pedras
713	Carpinteiros (salvo ebanistas e montadores de estruturas metálicas)
7131	Carpinteiros (salvo ebanistas)
7132	Instaladores de cerramentos metálicos e carpinteiros metálicos (salvo montadores de estruturas metálicas)

719	Outros traballadores das obras estruturais de construción
7191	Mantedores de edificios
7192	Instaladores de fachadas técnicas
7193	Instaladores de sistemas de impermeabilización en edificios
7199	Outros traballadores das obras estruturais de construción non clasificados baixo outras epígrafes
72	Traballadores de acabado de construcións e instalacións (salvo electricistas), pintores e afíns
721	Escaiolistas e aplicadores de revestimentos de pasta e masa
7211	Escaiolistas
7212	Aplicadores de revestimentos de pasta e masa
722	Fontaneiros e instaladores de canalizacións
7221	Fontaneiros
7222	Montadores-instaladores de gas en edificios
7223	Instaladores de condutos en obra pública
723	Pintores, empapeladores e afíns
7231	Pintores e empapeladores
7232	Pintores nas industrias manufactureiras
724	Solladores, colocadores de parqué e afíns
7240	Solladores, colocadores de parqué e afíns
725	Mecánicos-instaladores de refrixeración e climatización
7250	Mecánicos-instaladores de refrixeración e climatización
729	Outros traballadores de acabado na construción, instalacións (salvo electricistas) e afíns
7291	Montadores de cubertas
7292	Instaladores de material illador térmico e de insonorización
7293	Colocadores de vidros
7294	Montadores-instaladores de placas de enerxía solar
7295	Persoal de limpeza de fachadas de edificios e chemineas
L	Traballadores cualificados das industrias manufactureiras, salvo operadores de instalacións e máquinas
73	Soldadores, chapistas, montadores de estruturas metálicas, ferreiros, elaboradores de ferramentas e afíns
731	Moldadores, soldadores, chapistas, montadores de estruturas metálicas e traballadores afíns
7311	Moldadores e macheiros
7312	Soldadores e oxicortadores
7313	Chapistas e caldeiros
7314	Montadores de estruturas metálicas
7315	Montadores de estruturas cableadas e empatadores de cables
732	Ferreiros e traballadores da fabricación de ferramentas e afíns
7321	Ferreiros e forxadores
7322	Traballadores da fabricación de ferramentas, mecánico-axustadores, modelistas, matriceiros e afíns
7323	Axustadores e operadores de máquinas-ferramenta
7324	Pulidores de metais e afiadores de ferramentas
74	Mecánicos e axustadores de maquinaria



740	Mecánicos e axustadores de maquinaria
7401	Mecánicos e axustadores de vehículos de motor
7402	Mecánicos e axustadores de motores de avión
7403	Mecánicos e axustadores de maquinaria agrícola e industrial
7404	Mecánicos e axustadores de maquinaria naval e ferroviaria
7405	Reparadores de bicicletas e afíns
75	Traballadores especializados en electricidade e electrotecnoloxía
751	Electricistas da construción e afíns
7510	Electricistas da construción e afíns
752	Outros instaladores e reparadores de equipamentos eléctricos
7521	Mecánicos e reparadores de equipamentos eléctricos
7522	Instaladores e reparadores de liñas eléctricas
753	Instaladores e reparadores de equipamentos electrónicos e de telecomunicacións
7531	Mecánicos e reparadores de equipamentos electrónicos
7532	Instaladores e reparadores en electromedicina
7533	Instaladores e reparadores en tecnoloxías da información e as comunicacións
76	Mecánicos de precisión en metais, ceramistas, vidreiros, artesáns e traballadores de artes gráficas
761	Mecánicos de precisión en metais, ceramistas, vidreiros e artesáns
7611	Reloxeiros e mecánicos de instrumentos de precisión
7612	Fabricantes de instrumentos musicais; afinadores de instrumentos musicais
7613	Xoieiros, ourives e prateiros
7614	Traballadores da cerámica, oleiros e afíns
7615	Sopradores, modeladores, laminadores, cortadores e pulidores de vidro
7616	Rotulistas, gravadores de vidro, pintores decorativos de artigos diversos
7617	Artesáns en madeira e materiais similares; cesteiros, bruseiros e traballadores afíns
7618	Artesáns en tecidos, coiros e materiais similares, preparadores de fibra e teceláns con teares artesáns ou tecidos de calceta e afíns
7619	Artesáns non clasificados baixo outras epígrafes
762	Oficiais e operarios das artes gráficas
7621	Traballadores de procesos de preimpresión
7622	Traballadores de procesos de impresión
7623	Traballadores de procesos de encadernación
77	Traballadores da industria da alimentación, bebidas e tabaco
770	Traballadores da industria da alimentación, bebidas e tabaco
7701	Matachíns e traballadores das industrias cárnicas
7702	Traballadores das industrias do peixe
7703	Panadeiros, pasteiros e confeiteros
7704	Traballadores do tratamento do leite e elaboración de produtos lácteos (incluídos xeados)
7705	Traballadores conserveiros de froitas e hortalizas e traballadores da elaboración de bebidas non alcohólicas
7706	Traballadores da elaboración de bebidas alcohólicas distintas do viño
7707	Traballadores da elaboración do viño
7708	Preparadores e elaboradores do tabaco e os seus produtos
7709	Catadores e clasificadores de alimentos e bebidas
78	Traballadores da madeira, téxtil, confección, pel, coiro, calzado e outros operarios en oficios

781	Traballadores que tratan a madeira e afíns
7811	Traballadores do tratamento da madeira
7812	Axustadores e operadores de máquinas para traballar a madeira
782	Ebanistas e traballadores afíns
7820	Ebanistas e traballadores afíns
783	Traballadores do téxtil, confección, pel, coiro e calzado
7831	Xastres, modistos, peleteiros e sombreireiros
7832	Patronistas para produtos en téxtil e pel
7833	Cortadores de tecidos, coiro, pel e outros materiais
7834	Costureiros á man, bordadores e afíns
7835	Tapiceiros, colchoeiros e afíns
7836	Curtidores e preparadores de peles
7837	Zapateiros e afíns
789	Pegadores, mergulladores, probadores de produtos e outros operarios e artesáns diversos
7891	Mergulladores
7892	Pegadores
7893	Clasificadores e probadores de produtos (salvo alimentos, bebidas e tabaco)
7894	Fumigadores e outros controladores de pestes e malas herbas
7899	Oficiais, operarios e artesáns doutros oficios non clasificados baixo outras epígrafes
8	Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores
M	Operadores de instalacións e maquinaria fixas, e montadores
81	Operadores de instalacións e maquinaria fixas
811	Operadores en instalacións da extracción e explotación de minerais
8111	Mineiros e outros operadores en instalacións mineiras
8112	Operadores en instalacións para a preparación de minerais e rochas
8113	Sondadores e traballadores afíns
8114	Operadores de maquinaria para fabricar produtos derivados de minerais non metálicos
812	Operadores en instalacións para o tratamento de metais
8121	Operadores en instalacións para a obtención e transformación de metais
8122	Operadores de máquinas pulidoras, galvanizadoras e recubridoras de metais
813	Operadores de instalacións e máquinas de produtos químicos, farmacéuticos e materiais fotosensibles
8131	Operadores en instalacións industriais químicas
8132	Operadores de máquinas para fabricar produtos farmacéuticos, cosméticos e afíns
8133	Operadores de laboratorios fotográficos e afíns
814	Operadores en instalacións para o tratamento e transformación da madeira, a fabricación de papel, produtos de papel e caucho ou materias plásticas
8141	Operadores de máquinas para fabricar produtos de caucho e derivados de resinas naturais
8142	Operadores de máquinas para fabricar produtos de material plástico
8143	Operadores de máquinas para fabricar produtos de papel e cartón
8144	Operadores de serradoiros, de máquinas de fabricación de tableiros e de instalacións afíns para o tratamento da madeira e a cortiza
8145	Operadores en instalacións para a preparación de pasta de papel e fabricación de papel
815	Operadores de máquinas para fabricar produtos téxtiles e artigos de pel e de coiro
8151	Operadores de máquinas para preparar fibras, fiar e debandar
8152	Operadores de teares e outras máquinas tecedoras

8153	Operadores de máquinas de coser e bordar
8154	Operadores de máquinas de branquexar, tinguir, estampar e rematar téxtiles
8155	Operadores de máquinas para tratar peles e coiro
8156	Operadores de máquinas para a fabricación do calzado, marroquinaría e luvas de pel
8159	Operadores de máquinas para fabricar produtos téxtiles non clasificados baixo outras epígrafes
816	Operadores de máquinas para elaborar e envasar produtos alimenticios, bebidas e tabaco
8160	Operadores de máquinas para elaborar e envasar produtos alimenticios, bebidas e tabaco
817	Operadores de máquinas de lavandaría e tinturaría
8170	Operadores de máquinas de lavandaría e tinturaría
819	Outros operadores de instalacións e maquinaria fixas
8191	Operadores de fornos e instalacións de vidraría e cerámica
8192	Operadores de caldeiras e máquinas de vapor
8193	Operadores de máquinas de embalaxe, embotellamento e etiquetaxe
8199	Operadores de instalacións e maquinaria fixas non clasificados baixo outras epígrafes
82	Montadores e ensambladores en fábricas
820	Montadores e ensambladores en fábricas
8201	Ensambladores de maquinaria mecánica
8202	Ensambladores de equipamentos eléctricos e electrónicos
8209	Montadores e ensambladores non clasificados noutras epígrafes
N	Condutores e operadores de maquinaria móbil
83	Maquinistas de locomotoras, operadores de maquinaria agrícola e de equipamentos pesados móbiles, e mariñeiros
831	Maquinistas de locomotoras e afíns
8311	Maquinistas de locomotoras
8312	Axentes de manobras ferroviarias
832	Operadores de maquinaria agrícola e forestal móbil
8321	Operadores de maquinaria agrícola móbil
8322	Operadores de maquinaria forestal móbil
833	Operadores doutras máquinas móbiles
8331	Operadores de maquinaria de movementos de terras e equipamentos similares
8332	Operadores de guindastres, montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais
8333	Operadores de carretas elevadoras
834	Mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns
8340	Mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns
84	Condutores de vehículos para o transporte urbano ou por estrada
841	Condutores de automóbiles, taxis e furgonetas
8411	Condutores propietarios de automóbiles, taxis e furgonetas
8412	Condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas
842	Condutores de autobuses e tranvías
8420	Condutores de autobuses e tranvías
843	Condutores de camións

8431	Condutores propietarios de camións
8432	Condutores asalariados de camións
844	Condutores de motocicletas e ciclomotores
8440	Condutores de motocicletas e ciclomotores
9	Ocupacións elementais
O	Traballadores non cualificados en servizos (salvo transportes)
91	Empregados domésticos
910	Empregados domésticos
9100	Empregados domésticos
92	Outro persoal de limpeza
921	Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares
9210	Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares
922	Limpadores de vehículos, xanelas e persoal de limpeza á man
9221	Limpadores en seco á man e afíns
9222	Limpadores de vehículos
9223	Limpadores de xanelas
9229	Outro persoal de limpeza
93	Axudantes de preparación de alimentos
931	Axudantes de cociña
9310	Axudantes de cociña
932	Preparadores de comidas rápidas
9320	Preparadores de comidas rápidas
94	Recolledores de residuos urbanos, vendedores na rúa e outras ocupacións elementais en servizos
941	Vendedores na rúa
9410	Vendedores na rúa
942	Repartidores de publicidade, limpabotas e outros traballadores de oficios na rúa
9420	Repartidores de publicidade, limpabotas e outros traballadores de oficios na rúa
943	Ordenanzas, mozos de equipaxe, repartidores a pé e afíns
9431	Ordenanzas
9432	Mozos de equipaxe e afíns
9433	Repartidores, recadeiros e mensaxeiros a pé
9434	Lectores de contadores e recadores de máquinas recreativas e expendedoras
944	Recolledores de residuos, clasificadores de refugallos, varredores e afíns
9441	Recolledores de residuos
9442	Clasificadores de refugallos, operarios de punto limpo e recolledores de chatarra
9443	Varredores e afíns
949	Outras ocupacións elementais
9490	Outras ocupacións elementais
P	Peóns da agricultura, pesca, construción, industrias manufactureiras e transportes

95	Peóns agrarios, forestais e da pesca
951	Peóns agrícolas
9511	Peóns agrícolas (salvo en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns)
9512	Peóns agrícolas en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns
952	Peóns gandeiros
9520	Peóns gandeiros
953	Peóns agropecuarios
9530	Peóns agropecuarios
954	Peóns da pesca, a acuicultura, forestais e da caza
9541	Peóns da pesca
9542	Peóns da acuicultura
9543	Peóns forestais e da caza
96	Peóns da construción e da minaría
960	Peóns da construción e da minaría
9601	Legoeiros de obras públicas
9602	Peóns da construción de edificios
9603	Peóns da minaría, canteiras e outras industrias extractivas
97	Peóns das industrias manufactureiras
970	Peóns das industrias manufactureiras
9700	Peóns das industrias manufactureiras
98	Peóns do transporte, descargadores e repositores
981	Peóns do transporte, descargadores e afíns
9811	Peóns do transporte de mercadorías e descargadores
9812	Condutores de vehículos de tracción animal para o transporte de persoas e similares
982	Repositores
9820	Repositores
0	Ocupacións militares
Q	Ocupacións militares
0	Ocupacións militares
001	Oficiais e suboficiais das forzas armadas
0011	Oficiais das forzas armadas
0012	Suboficiais das forzas armadas
002	Tropa e mariñeira das forzas armadas
0020	Tropa e mariñeira das forzas armadas